

# Descubre o noso Servizo de Orientación Laboral

Axúdanos a  
construír unha  
comarca máis inclusiva!



● Lugar da Granxa 5, Frións, Ribeira ● 981 87 44 80 Ext.5 ● [orientacion@asociacionambar.org](mailto:orientacion@asociacionambar.org)

# Servizo de Orientación Laboral

## Que é?

É un servizo de información, orientación e apoio para persoas con diversidade funcional demandantes de emprego. Ofrecendo unha atención persoal e axeitada a cada persoa.



Orientamos sobre habilidades sociais e laborais.



Facilitamos o acceso ós recursos públicos de formación e busca de emprego.



Potenciamos a inclusión social e laboral das persoas.



## A quen vai dirixido?

Ás persoas con diversidade funcional inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego.

# Que podemos ofrecerche?

## Se es unha persoa con diversidade funcional demandante de emprego:

- Orientación e asesoramento individual.
- Información e apoio na procura de emprego e formación.
- Recursos e ferramentas para manter una busca activa de emprego e formación (portais de emprego, boletíns de ofertas, webs de interese).
- Elaboración da carta de presentación, curriculum vitae e preparación da entrevista laboral.
- Accións grupais de orientación para traballar motivación, autoconñecemento, habilidades socio-laborais, actitudes, técnicas de busca de emprego.

## Se es unha empresa interesada en contratar persoas con diversidade:

- Información sobre axudas e subvencións.
- Orientación sobre modelos de contratación, bonificacións e redución de cotas á Seguridade Social.
- Análise de postos de traballo e adaptacións de posto.
- Asesoramento na busca de candidaturas de profesionais.
- Acompañamento e resolución de dúbidas na inserción laboral.



## Contacta con nós

- Centro de Recursos da Asociación Ambar  
Lugar da Granxa 5,  
Frións, Ribeira.
- 981 87 44 80 Ext.5
- [orientacion@asociacionambar.org](mailto:orientacion@asociacionambar.org)